



‘Lugar A Ponte’, o segundo álbum de Caldo, publicarase o 12 de maio

O traballo discográfico, gravado e producido man a man con Alberto Cernadas (crnds), é unha proposta intimista e potente, ateigada de honestidade e na que o trío incorpora novas texturas e atmósferas á súa sonoridade

Este venres 28, a partir das 00:00 horas nas principais plataformas dixitais, Caldo dará a coñecer *Cáncaro d’abril*, o segundo adianto do seu novo LP



Portada de ‘Cáncaro d’abril’, ilustrada por Marte Martinka

26 de abril de 2023-. *Lugar A Ponte*. Así se chama o segundo álbum de **Caldo**, o trío conformado por María Jorge, Anaís Barbier e Pedro Fariñas. O novo traballo discográfico do grupo, que verá a luz o vindeiro 12 de maio, é unha **proposta moderna, íntima e potente, ateigada de honestidade e de responsabilidade tanto coa tradición coma con elas mesmas**. Un disco profundo e persoal no que comezaron a traballar desde o confinamento e que foron perfilando ata acadar, tres anos despois, un álbum que leva por nome o fogar onde o propio Caldo agromou: o *Lugar A Ponte*, na comarca do Val Miñor.



Producido e gravado man a man con Alberto Cernadas (crnds), con *Lugar A Ponte* Caldo avanza na procura e experimentación do seu universo creativo para incorporar **novas texturas e atmósferas á súa sonoridade, mais sen renunciar á súa identidade, que agroma e bebe da tradición, e incluíndo gravacións ao directo coma nos seus inicios**. Así, o produtor e instrumentista acompañou ás creadoras nun longo proceso no que se deixaron levar e integraron novas capas, á vez que procuraban estéticas marcadas para definir esta nova etapa, máis madura, honesta e cavilada. Alén do salto na produción -desde o primeiro álbum, *Caldo*, gravado ao vivo-, outra das principais novidades con respecto daquel disco homónimo é que, alén da intervención ou adaptación de letras tradicionais, **Caldo suma, en moitos temas, lírica propia**. Textos coidados e asinados por Anaïs Barbier, que se xuntan a outros que o trío reinterpreta para narrar, neste *Lugar A Ponte*, as historias ou episodios que conforman un álbum que fala, dalgún xeito, **das sensacións dentro do fogar**, dese lugar ou núcleo que se constrúe paseniño, da man da contorna próxima e querida.

Logo da estrea o pasado día 21 do sinxelo **O que fomos**, un tema que resulta sorprendente para o público ao rachar coa sonoridade habitual do grupo, e no que se pode vislumbrar as novas capas e texturas sonoras que acompañan o disco, **este venres 28 Caldo dará a coñecer o segundo avance de Lugar A Ponte, nomeado Cáncaro d'abril**. Trátase da muiñeira que abrirá o disco, e a súa melodía é un arranxo dunha ribeirana da aña de Gargamala, recollida por Xandre Outeiro e Guillermo Ignacio Costa ás informantes María e Lola da Coruñesa (Lugar do Barral), Carme de Marecelina, Rosa de Lisa e Lola do Coxo (Lugar do Barro).

O tema estará dispoñible desde as 00:00 horas do venres 28 nas principais plataformas dixitais. Coma xa aconteceu no primeiro sinxelo do álbum, *Cáncaro d'abril* tamén conta cunha **portada ilustrada por Marte Martinka**. **Destá imaxe partirá tamén o vídeo propio do sinxelo**, ateigado de 'loops' que xogan e dan vida aos elementos da ilustración concebida por Martinka.

CALDO

María Jorge (violín), Anaïs Barbier (voz e pandeireta) e Pedro Fariñas (guitarra e gaita) son **Caldo**, un trío que **achega a música tradicional a contextos sonoros contemporáneos a través da experimentación cos propios instrumentos**. Premiadas co galardón ao Mellor proxecto de música folk nos Premios Martín Códax da Música (2020) e gañadoras do concurso Fran Pérez 'Narf' da Deputación da Coruña (2020), as creadoras de Caldo integran melodías tradicionais galegas e composicións propias con influencias das músicas europeas e atlánticas, unha fusión natural que vai directa ao sentir do público.

Contacto de prensa Caldo

The Office Comunicación
Lucía Pita - 675 404 321
lucia.pita@theofficeco.es

Descarga aquí o [kit de prensa de Caldo](#)

Management & Contratación

Nave de Lata Cooperativa Cultural | Luneda
Aitana Cuétara - 646 16 50 44
aitana@luneda.gal